

SEGUNDA REUNIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR PARA O PROCESO DE SELECCIÓN CONVOCADO PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE XERENTE DO CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DE A CORUÑA

Na Biblioteca do Concello de A Coruña, sito na Praza de M^a Pita s/n, ás 9.30 horas do día 28 de outubro de 2015, previamente convocados, reúnese o Tribunal Cualificador (en diante, o Tribunal) que ha de avaliar a reclamación da aspirante M^a Luisa López Morales, así como convocar a segunda fase do proceso selectivo para cobertura dunha praza de xerente para o Consorcio de Turismo e Congresos de A Coruña (en diante, o Consorcio).

Asistentes:

- Presidenta: Dna. Sagrario Ron Fraga
- Vogal: D. Jesús Casás López
- Vogal: D. Antonio Couceiro Méndez
- Vogal: D. Rafael Benito Cases
- Secretaria: Dna. M^a Ángeles Pinell Cienfuegos

1. RECLAMACION DE DONA M^a LUISA LOPEZ MORALES

Dentro do prazo establecido nas bases para posibles alegacións, tras a publicación da lista provisional, recibíuse no Rexistro do Consorcio unha reclamación da aspirante Dna. M^a Luisa López Morales.

A Presidenta procede a leer ante os asistentes a reclamación; tras sucinto debate, por unanimidade, o Tribunal acorda:

- Desestimar a primeira reclamación, relativa á posible modificación das Bases, xa que a reclamante aceptou as Bases no momento de concurrir ao proceso e non recurrir as mesmas, sendo éstas vinculantes para o Tribunal, para a Administración convocante e para os aspirantes, de tal forma que, unha vez publicadas non poden modificarse, salvo polos procedimentos establecidos na normativa para a revisión dos actos administrativos a que se refiren os artigos 102 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro (EC 380/93), de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedimento Administrativo Común (LRJPA), debendo respetarse o principio de iguladade entre os concurrentes á convocatoria, conforme á mesma, sen despena singular.
- Desestimar a segunda reclamación, relativa a admisión de documentación, por non ser procedente. No punto 5 das Bases establécese: *“Todos os documentos acreditativos dos méritos alegados que se deben acompañar á solicitude de participación deberán referirse a unha data anterior á finalización do prazo de presentación de instancias”*

Non se acredita ca documentación achegada na reclamación, que se estivese en condicións de obter a titulación alegada no momento do remate do prazo de presentación de instancias, non constando documentalmente acreditado que, nesa data, se completaran todos os requisitos precisos para a obtención do título ou diploma acreditativo aínda que non se efectuara materialmente a expedición do mesmo.

2. ELEVACIÓN A DEFINITIVA A LISTA PROVISIONAL

O Tribunal procede a declarar definitivamente aprobada a lista provisional de aspirantes que acceden á segunda fase do proceso selectivo.

3. CONVOCATORIA PARA A SEGUNDA FASE DO PROCESO SELECTIVO

Convócase aos membros do Tribunal e aos aspirantes que integran a lista definitiva, de conformidade co disposto nas Bases da presente convocatoria para a realización da segunda fase do proceso (entrevista) para o venres día 6 de novembro de 2015, no salón Azul do Concello de A Coruña, sito na Praza de M^a Pita, según o seguinte horario:

10.00 horas – Dna. M^a Luisa López Morales

10.30 horas – D. Jesús Mier Barrenechea

11.00 horas – Dna. Celsa Patiño del Río

Sendo as 9.55 horas, dáse por concluída a sesión da que, como Secretaria, estendo a presente Acta que asinan comigo os restantes membros do Tribunal.

A Coruña a 28 de outubro de 2015